

## **XIV Concurso *CreArte na Universidade***

### **Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais**

### **Universidade de Santiago de Compostela**

### **Curso 2024-2025**

A Facultade de CC. Económicas e Empresariais (en adiante, a Facultade) apostou desde sempre polo fomento da arte galega, prestándose como depósito e adquirindo durante moitos anos obras de arte coas que na actualidade todos os membros da comunidade universitaria e de fóra dela podemos gozar. A longa tradición do noso centro, pioneiro no apoio á creación artística e ao coleccionismo, levou a creación no ano 2011 do concurso de pintura *CreArte na Universidade*, que desde a edición 2014-2015 está aberto á participación de toda a sociedade. Continuando con ese espírito, fundamental para o crecemento persoal no seu máis amplo sentido, nesta edición a Facultade, coa colaboración da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura, convoca a XIV edición do concurso que se rexerá polas seguintes

## **Bases**

### **REQUIRIMENTOS**

- Poderá participar calquera persoa, pertenza ou non á comunidade universitaria.
- A obra ten que ter sido creada entre xaneiro de 2024 e marzo de 2025.
- A temática e a técnica serán libres.
- Só poderá presentarse unha obra por artista, obra que deberá ser inédita e non ter sido premiada noutro certame ou concurso.
- A dimensión da obra non poderá ser inferior a 50x50 cm nin superior a 120x120 cm. Se a obra consta de varias partes, compútase para os efectos de dimensión o conxunto das partes.
- As obras deben presentarse enmarcadas cun listón cun ancho máximo de 3 cm, ou sen enmarcar pero sobre un bastidor. Non se admiten obras protexidas con cristal, nin enroladas.

### **PROCEDEMENTO**

- Os/as candidatos/as farán chegar a obra presentada, debidamente protexida, ao Decanato da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, Avda. do Burgo, s/n. Campus Norte, 15782 Santiago de Compostela, indicando "Concurso de pintura *CreArte na Universidade*".
- Así mesmo, deberán enviar por correo electrónico a [ecoade.decanato@usc.es](mailto:ecoade.decanato@usc.es) dous arquivos: un coa imaxe da obra (formato JPEG, TIFF, PNG ou PDF) e outro co boletín de inscrición (ver ANEXO) debidamente cumprimentado, indicando no asunto: *CreArte*.
- O prazo para presentar as obras finaliza ás 14:00 horas do día 21 de marzo de 2025.
- O xurado reunirse a partir desa data, seleccionará as obras que conformarán a exposición temporal organizada pola Facultade (ver apartado seguinte) e fallará o premio. A decisión do xurado publicarase na web da Facultade non máis tarde do 28 de marzo.

- As obras seleccionadas polo xurado formarán parte dunha exposición temporal que se instalará no centro durante os meses de abril e maio de 2025.
- O acto de entrega do/s premio/s, no que se espera a presenza do autor ou autora da obra premiada, farase coincidir, de ser posible, coa celebración do patrón da Facultade (o día 9 de abril de 2025).
- As obras non premiadas serán recollidas polos/as artistas no enderezo que se indicou con anterioridade ao longo dos meses de xuño e xullo de 2025. Se algunha obra non fose recollida dentro do prazo establecido, entenderase que o autor ou a autora renuncia a reclamar a obra. O xurado do premio, decidirá se algunha desas obras non recollidas é susceptible de pasar ou non a formar parte do patrimonio artístico da Facultade.
- A presentación das obras implica a cesión gratuíta a favor da organización dos seus dereitos de reprodución.
- Os datos dos artistas só serán utilizados para o normal desenvolvemento do concurso.
- A organización velará pola integridade das obras no tempo que estean no seu poder, pero se por algunha causa fortuíta se producise algún deterioro, a Facultade non se fará responsable dos danos producidos. Tampouco se responsabilizará das obras non recollidas e non incorporadas á colección da Facultade.

### **XURADO**

- O xurado, presidido polo decano ou persoa en quen delegue, estará composto por membros da comunidade universitaria e da sociedade galega vinculados ao mundo artístico.
- Entre as obras presentadas o xurado decidirá cales conformarán a exposición temporal, e entre elas elixirá a obra merecedora do Premio. Ademais, decidirá se algunha das obras non recollidas ao final da exposición e no prazo establecido son susceptíbeis de incorporarse ou non ao patrimonio artístico da facultade.
- O fallo do xurado será inapelable. Ao xurado correspóndelle a interpretación da presente convocatoria, así como a resolución das cuestións previstas na mesma.

### **PREMIO**

- Todas as obras seleccionadas conformarán unha exposición temporal na Facultade, que permanecerá aberta durante os meses de abril e maio.
- De entre as obras seleccionadas o xurado poderá outorgar UN PREMIO, cun importe de 1.200 € a unha das obras, a cal pasará a formar parte do patrimonio da Facultade. O pagamento realizarase por medio dunha transferencia a unha conta bancaria. Do importe do premio practícaranse as retención legais pertinentes (IRPF).

### **ACEPTACIÓN DAS BASES**

- A Facultade resérvase o dereito de facer modificacións e tomar iniciativas non recollidas expresamente nestas bases, sempre que contribúan á mellora do concurso, e non alteren a súa esencia.
- A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases.

## RESUMO CALENDARIO DO PREMIO DO CURSO 2024/25

- Data límite de presentación **ata as 14:00 h do 21 de marzo de 2025.**
- Publicación do fallo do xurado: **non máis tarde do 28 de marzo de 2025.**
- Entrega do premio: **9 de abril de 2025,** data na que se celebra o patrón da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC.
- Exposición temporal: **durante os meses de abril e maio de 2025.**
- Recollida das obras, agás a premiada: **nos meses de xuño e xullo de 2025.**

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Xoán Ramón Doldán García  
Decano

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: XOAN RAMÓN DOLDÁN GARCÍA, NIF \*\*\*3205\*\*, 07/02/2025 14:25:01.

CSV: 6C18-DE1A-42F2-985F